

## PEZA DO MES

febreiro

2017



LÁPIDA DE SAN PEDRO DE ROCAS



INTERIOR DA IGREXA DE SAN PEDRO DE ROCAS.  
ÁLBUM DA COMISIÓN DE MONUMENTOS DE OURENSE, 1895

## Lápida de San Pedro de Rocas

No conxunto do monacato medieval galego San Pedro de Rocas posúe un lugar especial e destacado por varias razóns. A primeira delas é, indubidablemente, a súa singularidade, que comeza na súa mesma localización nunha contorna moi particular e característica. Esta natureza pintoresca posúe tal enerxía e orixinalidade que se ten imposto na propia denominación do lugar: as rochas, os penedos, definen así o mosteiro que se construíu ao seu carón. Aínda máis orixinal no noroeste hispano é o templo hipoxeo do cenobio, que ten chamado a atención de quen pasou, e aínda pasa, por alí, singularidade resaltada pola necrópole que lle serve de chan e que desborda o santuario actual prolongándose máis alá dos seus muros. Polo xeral, a construción desta igrexa atribúese a tempos prerrománicos, talvez contemporáneos da necrópole, cando se tería escavado na rocha a cavidade que funciona como nave central e a máis pequena do lado do evanxeo. Fronte a elas, a capela da epístola dise obra románica, é dicir, de, poñamos, dos anos posteriores ao 1100, cando todo o templo foi reformado, segundo o demostra aínda a decoración de xadrezados das portas desta capela e da central.

Sería nestes tempos románicos cando se crea en San Pedro outra das obras que fai del un templo único: a copia dun mapamundi inspirado nos que ilustran os *Comentarios á Apocalipse* do Beato de Liébana. Único e atípico, segundo Moralejo, sería obra de mediados do século XII, e os seus escasos –aínda que distinguibles– restos poden contemplarse no arcosolio da sepultura existente na capela do evanxeo.

A terceira razón que outorga a San Pedro de Rocas o seu lugar único no panorama monástico galego e hispano é a peza protagonista destas liñas: a lápida que, considerada en ocasións «fundacional», se conserva na actualidade no Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense. Trátase dunha inscrición feita nunha lousa de granito en que figura un texto repartido en catro liñas, rodeado por unha soga que, partindo do lado dereito, divide o espazo central en dúas partes, con dúas liñas de texto sobre e baixo ela. A soga remata no espazo esquerdo nunha cruz. O texto é o seguinte:

† [H]EREDITAS : N  
EVFRAXI : EVSANI  
QUINEDI : EATI : FLAVI  
RVVE : ERA D<sup>A</sup> C X<sup>A</sup> I

Dela destaca en primeiro lugar a data: ano 611 da era hispana, que leva ao noso ano 573. A palabra de apertura, *HEREDITAS*, fai pensar que se trata dunha doazón ao suposto cenobio entón existente, feita polos nomes que figuran tras o N –¿NOS?–, como mínimo cinco: *EUFRAZI*, *EUSANI*, *QUINEDI*, *EATI* e *FLAVI*, pois queda pouco claro que é exactamente *RUVE*, se un sexto home, ou apelido de *FLAVI* –¿ou de todos eles?–, ou algo que non se sabe exactamente de que se trata. Ao interpretarse o texto como doazón e, en función da súa evidente antigüidade, non cabe dúbida de que pode tomarse como a dotación inicial do primeiro mosteiro de Rocas. Que se tivese plasmado nunha inscrición apuntaría á súa importancia, contribuindo así a esta posibilidade.

Dotación inicial ou non, a mesma supervivencia da lápida sinala a súa importancia. Neste sentido hai que facer referencia á dúbida de se estamos ante a pedra orixinal, labrada no 573, ou a unha copia posterior que, só por terse feito, redonda no valor do texto gravado. Non cabe dúbida de que o sogueado que rodea e parte o texto, típico da arte prerrománica «asturiana», parece declarar unha feitura nos séculos IX ou X. A esta datación contribúe a innegable relación deste sogueado co do pé de altar da mesma igrexa, conservado tamén na actualidade no Museo Arqueolóxico Provincial. Os seus arcos de ferradura levan a súa feitura máis ao século X que ao VI, avalando así que estaríamos ante unha copia

da inscrición orixinal feita ao tempo que se elaborou este pé de altar.

En realidade, isto pouco importa para a historia de San Pedro: orixinal ou copiada catro ou cinco séculos despois, é evidente que sempre foi transcendental para a comunidade relixiosa que sucesivamente viviu en Rocas, como o demostra que fose conservada na igrexa nada menos que ata o século XX. Que teña sobrevivido aos acontecementos desenvolvidos en Galicia durante máis de dez séculos –a caída dos reinos suevo e visigodo, o probable abandono da comunidade monástica nalgún ou nalgúns períodos, a desamortización do XIX etc.– manifesta dun xeito indubidable o valor e calidade que se lle deu á inscrición.

Do que non parece poder dubidarse é que a lápida non se conservou no seu lugar orixinal. No século XVII estaba sobre o sepulcro escavado na rocha da capela da epístola, isto é, na nave que se supón escavada en época románica, sen que se saiba cando foi posta alí, onde permaneceu ata o seu traslado ao Museo Arqueolóxico de Ourense.

A transcendencia da lousa reside indiscutiblemente na súa data, que fai dela o primeiro testemuño dunha vida monástica en Galicia. En realidade, o texto nada di sobre monxes, monxas ou vida cenobítica ningunha, sen cualificar de relixiosos os nomes nel recollidos nin especificar tampouco a que ou quen vai dirixida a suposta doazón. Non obstante, e a pesar das dúbidas que poidan expresarse, a súa presenza na igrexa monástica e, insisto, a súa chegada ata hoxe parecen avalar que estamos ante unha doazón á congregación relixiosa que por entón se agrupou en Rocas, escavando o penedo para facer a súa igrexa e que levou un bo número de persoas a enterrarse ao seu carón.

Por outra banda, é tamén lóxico –como ten feito a historiografía– relacionar o texto co II concilio de Braga, celebrado o ano anterior –572–, e coa figura de san Martiño de Dume ou Braga, que o presidiu. Apóstolo do cristianismo na *Gallaecia* ou, mellor dito, no reino suevo, san Martiño pasa por ser impulsor e difusor do monacato no devandito reino, se ben só consta como fundador dun cenobio, Dume, próximo á capital sueva. Un dos canons do concilio amosa como por entón están a fundar igrexas non só o episcopado ou eclesiásticos, senón segres particulares. Os bispos consagrarán estas igrexas «propias», se ben, antes de facelo, deben comprobar que o templo conta cuns bens que aseguren un culto decente:

Cada bispo terá ante todo moi presente non consagrar unha igrexa ou basílica se antes non recibe o dote da igrexa e os seus bens

confirmados por escritura de doazón, pois non é pequena a temeridade se se consagra unha igrexa como se fose unha casa privada, sen ter para a súa iluminación nin para o sustento de aqueles que alí teñen que prestar os seus servizos (DÍAZ, P.C. (2011): 242).

Á vista deste canon, a lápida de Rocas ben pode pasar por unha transposición en pedra, resumida, desa «escritura de doazón» que exixen os pais da igrexa sueva reunidos en Braga. Resumida porque nela só se pasaron ao granito os nomes dos doadores, que algo tiñan doado –*HEREDITAS*– e o momento en que o fixeron; cabe supor que na escritura figurasen máis detalladamente os bens que ían depender da fundación.

En conclusión, e a pesar das dúbidas, coido que a lápida de Rocas é verdadeiramente un testemuño da difusión do cristianismo no territorio auriense na segunda metade do século VI. Lémbrese, así mesmo, que a primeira noticia dun bispo en Ourense data do 560, pola súa presenza no I concilio de Braga. Desde a sé episcopal fomentárase a propagación da fe en Cristo, que se intensificaría coa definitiva conversión dos suevos á fe ortodoxa de Nicea, dando lugar ao nacemento de novas igrexas no rural entre as que San Pedro sería unha máis, privilexiada en función de que dela se conserva a doazón que pode ser o seu dote. Obsérvese que digo «igrexa», que non mosteiro, pois a fundación pode ter sido tanto unha como outra cousa.

A suposta orixe eremítica de Rocas é só iso, suposta, mantida máis pola súa particular contorna rochosa e as lendas que en verdadeiros datos históricos. Teríao sido Xemondo, segundo se conta no belo relato que se fai en 1007 na suposta restauración do mosteiro feita por Aloito co acordo do monarca á sazón, Afonso V. Estando de caza, Xemondo tería descuberto a singular igrexa de Rocas, comezando a facer alí unha vida relixiosa que, nun tempo máis ou menos longo, levou outros cazadores a unirse a el, obtendo despois a comunidade a sanción rexia de Afonso III. O diploma emitido por este, e confirmado polos seus sucesores, teríase queimado nun descoido pola negligencia dos nenos que aprendían a ler na escola monástica –*per negligentiam puerorum qui ibi in scola aduc degentes litteras legebant*–, polo que en 1007 se elabora o que recolle todo isto e que, de paso, confirma dun xeito radical a dependencia de San Pedro de Rocas da fundación de San Rosendo, San Salvador de Celanova. Ao meu parecer, estamos, sen dúbida, ante un falso ou tremendamente manipulado documento que inicia a traxectoria documentada de Rocas como mosteiro –excepción feita da lápida do 573–, que, evidentemente, é xa outra historia, lonxe da protagonista destas liñas.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

## MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

## ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 230 430

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 22.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

luns pechado

## Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n, (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30 ás 14.30 h e das 16.00 ás 20.30 h

[www.musarqourense.xunta.es](http://www.musarqourense.xunta.es)

[mapour@xunta.es](mailto:mapour@xunta.es)

## PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense


TEXTO: Francisco Javier Pérez Rodríguez

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico 





XUNTA  
DE GALICIA